

Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 467 /2015.

Visto o Real Decreto 977/2015, do 26 de outubro, polo que se convocan eleccións ao Congreso dos Deputados e do Senado para o 20 de decembro de 2015 e considerando a obriga dos concellos de proceder á elección dos membros das mesas electorais mediante sorteo público establecida no artigo 26.2 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, e

Considerando o disposto nos artigos 21.1.c) e 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria do **PLENO** da Corporación Municipal que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día **23 de novembro do 2015 (luns) ás 10:00 horas**, coa seguinte orde do día:

Único.- Sorteo dos membros das mesas electorais nas eleccións ao Congreso dos Deputados e do Senado convocadas para o 20 de decembro de 2015.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as Concelleiras e todos os Concelleiros, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 19 de novembro de 2015


O Alcalde

Ante min

A Secretaria



Asdo: Antonio Fernández Angueira



Asdo: Ana María Ares Álvarez